

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 2 DE OUTUBRO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dous de outubro de dous mil dezaoto; as nove horas e corenta e cinco minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro e Dona Maria López Touza., Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinteseis de setembro do dous mil dezaoto (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Outorgamento licenza de obras 1574/2018 RIB / N/93.1/18

Visto o escrito presentado por **Don Martín Pontes González en representación de Construcciones La Plazuela SLU**, onde solicita Licenza de Obras para “ Reformado e Refundido de Proxecto básico e de Execución de edificio de soto, baixo e cinco plantas de vivendas.Reformado e refundido setembro 2018” firmado polo arquitecto don Luis Antonio Chao Gómez , colexiado nº 93

Consta “ Reformado e Refundido de Proxecto básico e de Execución de edificio de soto, baixo e cinco plantas de vivendas.Reformado e refundido setembro 2018” firmado polo arquitecto don Luis Antonio Chao Gómez , colexiado nº 93

Consta informe favorable da Arquitecto Municipal de data 26 de setembro de 2018.

Consta informe do Secretario municipal de data 27 de setembro de 2018.

A Xunta de Goberno Local acorda :

Conceder licenzia a por Don Martín Pontes González en representación de Construcciones La Plazuela SI para Reformado e Refundido de Proxecto básico e de Execución de edificio de soto, baixo e cinco plantas de vivendas.Reformado e refundido setembro 2018” firmado polo arquitecto don Luis Antonio Chao Gómez , colexiado nº 93 na Estrada de Francelos nº 6, referencia catastral 0418910NG7801N.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licenzias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 144.3 da Lei do Solo de Galicia, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: *O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.*

Caducidade: *A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.*

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: *Vivendas, garaxes, local comercial .*

Contía na que se orzan as obras: *6000 €*

Situación e emprazamento das obras: *Estrada de Francelos 6.*

Nome ou razón social do promotor: **Don Don Martín Pontes González en representación de Construcciones La Plazuela SLU**

***Prazos:** O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de dezaotoito (18) meses, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.*

***Liquidación do ICIO:** procedese a práctica de liquidación complementaria por importe de 156 euros*

OUTRAS CONDICIONS.-

-Antes do inicio das obras , dado que existiu cambio do técnico director do proxecto , de producirse cambio na dirección facultativa da obra deberán presentarse os correspondentes Oficios de Dirección.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

-Escrito de dona Concepción Rodríguez González no que expón “ Que como heredera de D Antonia Enriqueta Buján Mariño con DNI y siendo ésta de Manuel Rodríguez Fernández nº 3409/52 y estando los dos enterrados en la sepultura nº 167. Entrego copia pasaporte de Manuel Rodríguez Fernández y el impuesto de sucesiones en el que constan los datos. E solicita: “ Hacerme cargo de dicha sepultura poniéndola a mi nombre”

A xunta de goberno local por unanimidade acorda acceder ao solicitado.

-Escrito de don Francisco Manuel Almuiña Pérez, con número de rexistro de entrada 3997 de 5 de setembro de 2018, no que expón “ respecto a la finca de la que se adjunta referencia que figura en el planeamiento como a expropiar por el ayuntamiento transcurridos los plazos legales que se inicie el expediente de expropiación”

Vista a Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 86:

Cando transcurran cinco anos dende a entrada en vigor do plan sen que se levase a efecto a expropiación dos terreos que estén adicados a sistemas xerais ou locais que non haxan de ser obxecto de cesión obrigatoria por non resultar posible a xusta distribución de beneficios e cargas, a persoa titular dos bens poderá advertir a administración do seu propósito de iniciar o expediente de xustiprecio, que poderá levarse a cabo por ministerio da lei se transcurren outros dous anos dende o momento de efectuar a advertencia.

Para ello, o propietario poderá presentar a correspondente folla de aprecio , e, se transcurrieran tres meses sen que a Administración a acepte, aquél poderá dirixirse ao Xurado de Expropiación de Galicia que fixará o xustiprecio”

A xunta de goberno local toma coñecemento de que se ten efectuada a advertencia a Administración do propósito de don Francisco Manuel Almuiña Pérez de iniciar o expediente de xustiprecio respecto do terreo sito en Extramuros 42, Ribadavia.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A xunta de goberno toma coñecemento dos seguintes:

-Acordo entre a Axencia Galega de Emerxencias (Axega) e o concello de Ribadavia para a entrega de traxes de protección individual para a loita e control da vespa asiática , cofinaciado

nun 80% polo Feder no marco do programa operativo Feder 2014-2020 , obxectivo temático 05, prioridade de inversión 05.02 , obxectivo específico 05.02.01 , liña de actuación 40: Dotación de equipamento , instalación e infraestruturas de protección civil destinadas a prevención e xestión de riscos derivados de catástrofes naturais e fenómenos relacionados co clima.

-Comunicación de inscrición no Rexistro de empresas e actividades turísticas de vivenda de uso turístico.

-Escrito da Confederación Hidrográfica Miño Sil dando traslado de alegación ao expediente de aproveitamento de auga a derivar do río Maquiáns e Miño con destino a abastecemento do termo municipal de Ribadavia e do polígono industrial. A xunta acorda darlle traslado a Aqualia.

-Escrito da Confederación Hidrográfica Miño Sil comunicando resolución de expediente de inscrición no rexistro de augas de aproveitamento con destino a rego.

-Remisión de informe sobre autorización en treito urbano da Axencia Galega de Infraestruturas , obxecto mellora e construción de beirarrúa pola estrada na OU-801.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº6/18.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº6/18, por importe de 6.766,32 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dez horas e dez minutos da maña, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Concello de Ribadavia